



Guía sobre as **avaliacións** de Educación Primaria e ESO

QUE SON ESTAS PROBAS?



CARÁCTER DIAGNÓSTICO

Proporcionan información sobre o sistema educativo e orientan na toma de decisións



TESTAN A SAÚDE DO SISTEMA

Anticipan a detección de problemas e permiten á Administración deseñar programas de mellora máis axeitados ás necesidades detectadas



REFORZA O LABOR DOS TITORES, NON O SUBSTITÚE

Son unha ferramenta metodolóxica que complementa a avaliación continua do alumno



NON SON REVÁLIDAS

Porque non se “revalida” o traballo que os alumnos realizaron ao longo do curso escolar



NON COMPUTAN

Os resultados obtidos por cada alumno non computan en ningún caso para as súas cualificacións do curso escolar



NON TEÑEN EFECTO NO EXPEDIENTE ACADÉMICO

PARA QUE SERVEN?



01. INFORMACIÓN MÁIS OBXECTIVA

Ao ser unha proba única -cos mesmos estándares para todos os rapaces independentemente de onde estuden ou onde vivan-, permítenos dispoñer dunha información máis obxectiva e, deste xeito, **deseñar accións específicas de mellora máis axeitadas**



02. OS ALUMNOS SON OS PRINCIPAIS BENEFICIADOS

Permite á Administración afinar máis na toma de decisións. Anticiparnos e corrixir mellor todas as eivas e debilidades que se puideran detectar co fin último de que ningún neno nin nena quede atrás



03. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Estamos a falar dunha cuestión tan importante como é a igualdade de oportunidades



04. ACORDO UNÁNIME

Ademais, a súa aplicación é froito dun acordo unánime **entre o Ministerio e todas as Comunidades Autónomas**. Por tanto, enmárcase dentro do Pacto Nacional pola Educación no que están a traballar todos os grupos parlamentarios

Teñen un obxectivo único e inequívoco:

Obter unha información comparada do sistema educativo para, deste xeito, poder deseñar e aplicar medidas para a súa mellora.

POR QUE SON IMPORTANTES?



Porque sirven para **testar o estado actual da educación** en Galicia



Porque permiten **seguir traballando na súa mellora, para acadar os máximos niveis de calidade, excelencia e equidade**

Porque nos axudan a avanzar nun sistema educativo máis flexible:

- ▶ Orientado á prevención de problemas a través das avaliacións
- ▶ Reforzando a autonomía dos centros educativos
- ▶ Buscando a igualdade real de oportunidades

QUEN AS FAI?



Os centros educativos que imparten 6º curso de Educación Primaria e 4º curso de ESO que foron seleccionados para participar na proba

(aproximadamente o 15% da totalidade dos centros)



Todos os centros educativos que imparten 3º curso de Educación Primaria

(o 100% dos centros públicos, concertados e privados)

EN QUE CONSISTEN?

As probas consisten nuns cadernos -que os alumnos deberán cubrir- a razón de un por cada unha das competencias avaliadas:

3º CURSO DE PRIMARIA

- ▶ Competencia matemática
- ▶ Competencia en comunicación lingüística (de xeito integrado galego e castelán)

6º CURSO DE PRIMARIA

- ▶ Competencia matemática
- ▶ Competencia en comunicación lingüística: **galego - castelán - inglés**
- ▶ Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

4º CURSO DE ESO

- ▶ Competencia matemática
- ▶ Competencia en comunicación lingüística: **galego - castelán - inglés**
- ▶ Competencia social e cívica

CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS



ADAPTADOS Á FRANXA DE IDADE E CURSO DO ALUMNADO

Todos os exercicios están adaptados ás franxas de idade dos rapaces e rapazas ás que van dirixidas, e ao curso no que se atopa o alumno



AVALÍAN PROFESORES FUNCIONARIOS GALEGOS

Profesores funcionarios do sistema educativo público galego que non imparten docencia aos alumnos avaliados



NON SE AVALÍAN MATERIAS CONCRETAS

Non se avalían materias concretas, senón o **grado de competencias adquiridas** polos alumnos nas áreas avaliadas. É dicir, as probas non miden o que saben os alumnos, senón **como aplican os coñecementos dos que dispoñen**

É UN SISTEMA NOVO DE AVALIACIÓN?



Para nada é novidoso, xa que este tipo de avaliacións véñense aplicando nos **sistemas educativos dos nosos países veciños** de xeito regular (Francia, Alemaña, Reino Unido, Suecia,...)



Tampouco é novo no noso país. Desde o ano 2009, todos os rapaces que cursaban 4º de Primaria e 2º de ESO fixeron probas deste tipo curso a curso, con absoluta normalidade. **É dicir, en España -e en Galicia- lévanse facendo este tipo de avaliacións desde hai 8 anos**



O sistema é **moi similar ao usado nas probas PISA** (que cada tres anos se fan a nivel mundial por países e, dentro de España, Galicia participa como comunidade autónoma)



Este tipo de avaliacións enmárcase dentro da **actividade ordinaria dos centros escolares**

DE QUE SERVIRON OS RESULTADOS DOS ANOS PASADOS?




CURSO 2015/16
3º e 6º de Primaria

Supuxo a **incorporación de 114 docentes de reforzo** no presente curso escolar



CURSO 2014/15
3º de Primaria

Incorporación de 69 docentes de reforzo noutros tantos centros escolares



XUNTA
DE GALICIA